



CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Aprobada provisoriamente polo Pleno deste Concello en sesión de data 17 de decembro de 2020 a Ordenanza reguladora do uso común especial do dominio público polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais do Concello de Becerreá (Expte.: 1123/2020), o referido acordo de aprobación e texto do regulamento, expóñense ó público polo prazo de 30 días hábiles, dentro dos que os interesados poderán examinalo expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas, que deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente da Corporación.

Becerreá, 21 de decembro de 2020.-O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 3333

CHANTADA

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 21/12/2020 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal , piscinas e anexos correspondentes a decembro 2020.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal , piscinas e anexos correspondentes decembro 2020 terá lugar neste Municipio dende o día 22 de decembro de 2020 ata o día 22 de febreiro de 2021.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 22 de decembro de 2020. O alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 3334

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 16/12/2020 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a novembro 2020.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte o da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a novembro do 2020 terá lugar neste municipio dende o día 17 de decembro de 2020 ata o día 16 de febreiro de 2021.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de xaneiro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 17 de decembro de 2020.- O alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 3335

CASTROVERDE

Anuncio

Aprobado definitivamente o orzamento para o exercicio económico de 2021, por acordo adoptado polo Pleno deste Concello na sesión que tivo lugar o día 26 de novembro de 2020, ao non terse presentado reclamacións ao mesmo, de conformidade co artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, publícase o resumo do mesmo por capítulos:

ESTADO DE INGRESOS

Capítulo	OPERACIÓNS CORRENTES Denominación	Euros
1	Impostos directos	659.379,68
2	Impostos indirectos	50.000,00
3	Taxas e outros ingresos	400.770,01
4	Transferencias correntes	1.359.045,84
5	Ingresos patrimoniais	10.500,00

TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES..... 2.479.695,53

	OPERACIONES DE CAPITAL Denominación	Euros
6	Alleamento de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	246.871,02

TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL..... 246.871,02

TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS..... 2.726.566,55

ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓN Capítulo	CORRENTES Denominación	Euros
1	Gastos de persoal	595.746,20
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.607.066,75
3	Gastos financeiros	0,00
4	Transferencias correntes	230.480,43

TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES..... 2.433.293,38

	OPERACIONES DE CAPITAL Denominación	Euros
6	Investimentos reais.	245.390,97
7	Transferencia de capital	60.600,00

TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL..... 293.273,17

TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS..... 2.726.566,55

Na referida sesión acordouse, tamén, a aprobación do cadro de persoal :

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Nº	DENOMINACIÓN	GRUPO	NIVEL CD	SITUACIÓN
1	Secretaría -Intervención	A2	26	O
1	Administrativo	C1	22	VD
1	Administrativo	C1	22	VD
1	Auxiliar administrativo 1*	C2	17	O

1	Auxiliar administrativo 2**	C2	17	O
1	Subalterno	AP	14	O
1	Traballadora Social	A2	24	O
1	Subalterno	AP	14	O
1	Auxiliar-vixiante de Policía Local	AP	14	O
1	Arquitecto/a (42% de xornada)	A1	25	VD

B) PERSOAL LABORAL FIXO

Nº PRAZAS	DENOMINACIÓN DA PRAZA	GRUPO	NIVEL CD	SITUACIÓN
1	Oficial de Servizos múltiples	C2	16	VD
1	Operario/Limpadora	AP	14	O
2	Operario/Limpadora	AP	14	VDP
1	Peón de Servizo múltiples	AP	14	VDP
1	Encargado/operario de servizos múltiples	AP	14	O

N.C.D.: Nivel Complemento Destino;; O: Ocupada; VD: Vacante dotada; VDP: Vacante dotada ocupada provisionalmente.

Dita aprobación poderá ser impugnada ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, cos requisitos, formalidades e causas sinaladas no artigo 170 e 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e na forma e prazos que establecen as normas de devandita xurisdición.

Castroverde, 24 de decembro de 2020.- O ALCALDE, Xosé M^a Arias Fernández.

R.3352

Anuncio

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, ao non terse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo de Pleno adoptado na sesión ordinaria do 26 de novembro de 2020, de aprobación do expediente de modificación de créditos num. 15/2020, do orzamento en vigor, primeiro na modalidade de suplemento de crédito e crédito extraordinario, e faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos queda da seguinte forma:

ESTADO DE GASTOS	
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	
A) GASTOS POR OPERACIÓNS CORRENTES	
CAPÍTULO I: Gastos de Persoal	1.063.840,96
CAPÍTULO II: Gastos en Bens Correntes e Servizos	1.619.361,92
CAPÍTULO III: Gastos Financeiros	-- ---
CAPÍTULO IV: Transferencias Correntes	44.130,43
B) GASTOS POR OPERACIONES DE CAPITAL	
CAPÍTULO VI: Invetimentos reais	604.323,93
CAPÍTULO VII: Transferencias de capital	76.519,70
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	
CAPÍTULO VIII: Activos financeiros	
CAPÍTULO IX: Pasivos Financeiros	
TOTAL:	3.408.794,04

Contra este acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso -administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto e consonte o establecido no artigo 171.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, a interposición dese recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Castroverde, 24 de decembro de 2020.- O ALCALDE, Xosé M^a Arias Fernández.

R. 3553

COSPEITO

Anuncio

Acordo do Pleno do Concello de Cospeito polo que se aproba o expediente de modificación de créditos n.º 2020004 do Orzamento en vigor, na modalidade de transferencia de crédito entre aplicacións de distintas áreas de gasto.

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao non presentarse alegacións durante o prazo de exposición ao público, quedou automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario de aprobación inicial deste Concello, adoptado en data 26 de novembro de 2020, sobre transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto, como segue a continuación:

1.- Altas en Aplicacións de Gasto

Aplicación		Descrición	Créditos definitivos	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
231	22699	Acción social.- Otros gastos diversos	1.528,70	3.300,00	4.828,70
453	21000	Carreteras.- Infraestructuras y bienes naturales	25.000,00	26.080,00	51.080,00
		TOTAL	26.528,70	29.380,00	55.908,70

2.- Baixas en Aplicacións de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos definitivos	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
323	22799	Promoción Educativa.- Otros trabajos realizados por otras empresas	93.600,00	5.000,00	88.600,00
333	22799	Museos y Artes Plásticas.- otros Trabajos realizados por otras empresas	19.360,00	9.400,00	9.960,00
341	22799	Promoción y fomento del deporte	30.300,00	14.980,00	15.320,00
		TOTAL	143.260,00	29.380,00	113.880,00

Contra o presente Acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 171.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Cospeito, 28 de decembro de 2020.- O Alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 3372

Anuncio

Acordo do Pleno do Concello de Cospeito polo que se aproba definitivamente o expediente de modificación de créditos n.º 1/2020 do Orzamento en vigor, na modalidade de crédito extraordinario financiado con superávit orzamentario.

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao non haberse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, quedou automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario de aprobación inicial deste Concello, adoptado en data 26 de novembro de 2020, sobre crédito extraordinario financiado con superávit orzamentario como segue a continuación:

1º. Altas en aplicacións de gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
011	91300	AMORTIZACIÓN PRÉSTAMO A LARGO PLAZO	0,00	312.000,70	312.000,70
		TOTAL	0,00	312.000,70	312.000,70

2º. Financiamento

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente de tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Aplicación: económica			Descrición	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
8	87	87000	REMANENTE DE TESORERÍA PARA GASTOS XERAIS	312.000,70
			TOTAL INGRESOS	312.000,70

Contra o presente Acordo, en virtude do disposto no artigo 171 Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 171.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

Cospeito, 28 de decembro de 2020.- O Alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 3373

GUITIRIZ

Anuncio

EXPEDIENTE Nº 1174/2020**Aprobación definitiva do expediente de Modificación de crédito 4-2020. Crédito Extraordinario.**

Rematado o prazo de exposición ao público do acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o 26/11/2020 no que se aprobou inicialmente o expediente de Modificación de crédito 4/2020, crédito extraordinario, sen que se presentasen reclamación algunha contra o mesmo, enténdese elevado a definitivo, conforme ao disposto no artigo 177.2 en relación co 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004.

En consecuencia e segundo dispón o artigo 169.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, faise público o resumo por capítulos dos estados de gastos e ingresos trala aprobación definitiva de dito expediente:

Capítulo	GASTOS			INGRESOS		
	Consignación Inicial	Modificacións	Consignación Definitiva	Previsión Inicial	Modificacións	Consignación Definitiva
1	2.384.790,45	106.684,71	2.491.475,16	1.471.130,10	0,00	1.471.130,10
2	1.677.108,56	412.203,36	2.089.311,92	55.000,00	0,00	55.000,00
3	3.000,00	0,00	3.000,00	602.827,00	0,00	602.827,00
4	85.500,00	169.288,96	254.788,96	2.082.081,91	307.439,69	2.389.521,60
5	50.000,00	-50.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00
6	183.800,00	1.256.179,05	1.439.979,05	0,00	0,00	0,00
7	0,00	0,00	0,00	173.160,00	823.351,83	996.511,83
8	12.500,00	-2.050,71	10.449,29	12.500,00	834.518,71	847.018,71
9	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	4.396.699,01	1.892.305,37	6.289.004,38	4.396.699,01	1.965.310,23	6.362.009,24

Guitiriz, 22 de decembro de 2020.- A Alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 3336

MURAS

Anuncio

Aparición res mostrenca en Muras

O pasado 7 de outubro de 2020 un veciño da localidade pon e coñecemento a aparición dunha res equina na súa propiedade. Dende aquela data o animal atópase na parroquia de Muras, ao coidado de don José Vicente Chao Rouco, na súa condición de depositario. Consonte a normativa aplicable (artigo 86.4 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia; e artigo 28 do Decreto 142/2012, do 14 de xuño, que regula o destino dos bens mostrencos), ábrese un período de información pública de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que as persoas propietarias as reclamen. No caso de que ninguén as reclame, o Concello procederá consonte ao artigo 28.1 do Decreto 142/2012.

Mura, 14 de decembro de 2020.- O alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 3337

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO 2021

O Pleno da Corporación na sesión extraordinaria celebrada o 23.12.2020 procedeu á aprobación definitiva do Orzamento Xeral para o exercicio 2021. En cumprimento do que dispón o punto 3 do artigo 169 TRLRFL faise público que dito orzamento ascende en gastos e ingresos a 1.174.549,79 € (Un millón cento setenta e catro mil cincocentos corenta e nove euros con setenta e nove céntimos).

Correspondendo a cada capítulo as cantidades que a continuación se expresan, segundo o seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS:

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Gastos de persoal	720,249,60
2	Gastos en bens correntes e servizos	234,416,58
3	Gastos financeiros	500,00
4	Transferencias correntes	8.910,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		964.076,10
1.	Inversións reais	210.473,61
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos Financeiros	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		210.473,61
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS		1.174.549,79

ESTADO DE INGRESOS:

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Impostos directos	156.140,60
2	Impostos indirectos	0,00
3	Taxas e outros ingresos	99.230,00
4	Transferencias correntes	733.103,29

5	Ingresos patrimoniais	6.546,40
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		995.020,29
6	Enaxenación de inversións reais	0,00
7	Transferencias de capital	179.529,50
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		179.529,50
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS		1.174.549,79

De acordo co que se establece no artigo 127 do RD 791/1986, do 18 de abril, reproducése a continuación o cadro de persoal para o exercicio 2021

1.1.- FUNCIONARIOS PÚBLICOS

DENOMINACIÓN	ESCALA	Nº.	GRUPO	NIVEL
SECRETARIA-INTERVENCION	HN	1	A1	24
ARQUITECTO/A	AE	1	A1	20
ADMINISTRATIVO/A	AX	1	C1	19
TÉCNICO/A DE SERVIZOS MUNICIPAIS	AE	1	C1	19

1.2.- PERSOAL LABORAL TEMPORAL: Para o exercicio 2021, mera estimación de contratos a formalizar en función das subvencións ou convenios que se concreten con outras administracións públicas, así coma das necesidades puntuais de persoal.

DENOMINACIÓN	Nº POSTOS	CARACTERÍSTICAS	DURACIÓN
TÉCNICO DE ORGANIZACION E ADMINISTRACION (FOMENTO DE EMPREGO)	1	XORNADA COMPLETA	9 MESES
PEÓN (APROL RURAL2020-2021)	1	XORNADA COMPLETA	2 MESES
OFICIAL 1ª CONDUCTOR QUITANIEVES (FOMENTO EMPREGO 2020-2021)	1	XORNADA COMPLETA	8 MESES
PEÓNS (FOMENTO DE EMPREGO 2020-2021)	4	XORNADA COMPLETA	7 MESES
OF. 1ª CONDUTOR INCENDIOS	3	XORNADA COMPLETA	3 MESES
PEÓNS BRIGADAS INCENDIOS	8	XORNADA COMPLETA	3 MESES
XEFE DE BRIGADA DE INCENDIOS	2	XORNADA COMPLETA	3 MESES
PEÓN LIMPEZA DE SERVICIOS PÚBLICOS	3	XORNADA PARCIAL (25H/SEM)	12 MESES
AXENTE DE EMPREGO LOCAL	1	XORNADA COMPLETA	12 MESES
TRABALLADOR SOCIAL	1	XORNADA COMPLETA	12 MESES
AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR	5	XORNADA COMPLETA	12 MESES
AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR	11	XORNADA PARCIAL	12 MESES
SOCORRISTA	1	XORNADA PARCIAL(35H/SEM)	2 MESES
CONDUTOR CAMIÓN LIXO LIMPEZA VIARIA	1	XORNADA COMPLETA	12 MESES
PEON (APROL RURAL 2021-2022)	1	XORNADA COMPLETA	9 MESES
OF. 1ª ALBANEL	4	XORNADA COMPLETA	12 MESES
OFICIAL 2º ALBANEL	1	XORNADA COMPLETA	12 MESES
OFICIAL 2º CARPINTEIRO	1	XORNADA COMPLETA	12 MESES
OFICIAL 2º ALBANEL	1	XORNADA COMPLETA	6 MESES
PEÓNS	9	XORNADA COMPLETA	3 MESES

Total número persoal temporal do Concello: 60

E así mesmo publícanse as bases de execución para o exercicio 2021

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO EXERCICIO 2.021

De acordo co disposto no artigo 165.1 Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o art. 9.1 do RD 500/90 do 20 de abril, formúlense as bases de execución do orzamento xeral para o exercicio de 2.021 que a continuación se expresan.

Base 1ª.- PRINCIPIOS XERAIS E NORMATIVA DE APLICACIÓN.-

A aprobación, execución e liquidación do orzamento, así como o desenvolvemento da xestión económica e a fiscalización da mesma, levarase a cabo mediante o cumprimento das normas legais, regulamentarias e demais disposicións de carácter xeral vixentes para as Entidades Locais, e polas Bases de Execución do Orzamento, redactadas de acordo co disposto no artigo 165.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das facendas Locais.

As presentes Bases de Execución do Orzamento do 2.021 terán a mesma vixencia que a do Orzamento aprobado para este exercicio. Por iso, no caso de prórroga do Orzamento, estas bases rexerán, así mesmo, durante dito período.

Base 2ª.- ÁMBITO DE APLICACIÓN.-

As presentes bases aplicaranse á execución e desenvolvemento do Orzamento Municipal, por non existir Organismos Autónomos e demais entes dependentes da Entidade Local.

Base 3ª.- ESTRUCTURA ORZAMENTARIA.-

A estrutura do Orzamento Municipal axústase á Orde do Ministerio de Economía e Facenda 3565/2008 de data 3 de decembro de 2008 pola que se aproba a nova estrutura dos presupostos das Entidades Locais, clasificándose os créditos consignados no Estado de Gastos do orzamento co seguinte detalle:

- Clasificación por Programas, cun nivel de desagregación de Programa (tres díxitos) en función da información a subministrar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- Clasificación Económica, cun nivel de desagregación de Subconcepto (cinco díxitos) en función da información a subministrar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- Non existe clasificación orgánica

En consecuencia, a aplicación orzamentaria ven definida pola conxunción das clasificacións por programas e económica.

O rexistro contable dos créditos, das súas modificacións, e das operacións de execución do gasto, realizarase sobre a aplicación orzamentaria antes definida.

Nos casos en que, existindo dotación orzamentaria nun nivel de vinculación, se pretenda imputar gastos a subconceptos que non figuren no Estado de Gastos do orzamento e pertencen ó mesmo nivel de vinculación, non será preciso incoar un expediente de modificación de créditos, podendo darse de alta a correspondiente aplicación orzamentaria.

As previsións incluídas no Estado de Ingresos clasificarase por capítulos, artigos e conceptos, en función da información a subministrar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Base 4ª.- VINCULACIÓN XURÍDICA.-

A vinculación xurídica, en consonancia co establecido no artigo 10 da Orde EHA /3565/2008 de 3 de decembro será a nivel:

- Respecto da clasificación por programas, a nivel área de gasto.
- Respecto da Clasificación Económica, o Capítulo.

Base 5ª.- CRÉDITOS ORZAMENTARIOS.-

O Orzamento municipal do Concello, tanto no seu Estado de gastos como de Ingresos, ascende á cantidade de UN MILLÓN CENTO SETENTA E CATRO MIL CINCOCENTOS CORENTA E NOVE EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.174.549,79 €) atopándose por tanto o orzamento equilibrado.

Base 6ª.- PRÓRROGA DO ORZAMENTO XERAL.-

Se ao inicio do exercicio 2.022 non tivese entrado en vigor o Orzamento Xeral correspondente ao citado exercicio, considerarase automaticamente prorrogado o do 2.021 ata o límite dos seus créditos iniciais cos axustes que recolle a lexislación orzamentaria aplicable.

Base 7ª.- MODIFICACIÓNS DE CRÉDITOS.-

Segundo o artigo 34 do R.D. 500/1990, de 20 de Abril, poderán realizarse as seguintes modificacións orzamentarias:

- Créditos Extraordinarios.
- Suplementos de Crédito.
- Ampliacións de crédito
- Transferencias de Crédito
- Xeracións de crédito.
- Incorporacións de Remanentes de Crédito.
- Baixas por anulación.

Base 8ª.-CRÉDITO EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITO.-

1.- Cando deba realizar algún gasto de carácter inaprazable ata o exercicio seguinte, para o que non exista crédito no Orzamento vixente ou sexa insuficiente, e non ampliable, a dotación prevista no mesmo, poderá acordarse, previa incoación do preceptivo expediente, unha concesión de crédito extraordinario, no primeiro dos casos e un suplemento de crédito no segundo dos supostos, ou de ambas cousas á vez, debendo atenderse ao seu financiamento, indistintamente, cos seguintes recursos:

- Con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería dispoñible no momento da tramitación do expediente.
- Con novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente.
- Mediante anulacións ou minoracións (baixas) do crédito que se precise doutras partidas orzamentarias vixente, non comprometido, onde as dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

2.- A iniciativa do Presidente da Corporación tramitaranse os referidos expedientes segundo os seguintes requisitos:

Informe da Intervención Municipal; aprobación inicial polo Pleno do Concello e demais trámites que, para os orzamentos, sinala o artigo 169 do real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Base 9ª.-CRÉDITOS AMPLIABLES.-

Non se prevé ningún crédito como ampliable.

Base 10ª.- TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO.-

Poderán ser transferidos créditos dunhas partidas de gastos a outras cando se considere necesario, debendo suxeitarse para iso aos seguintes condicionamentos:

- Cando se trate de aumentos ou baixas de créditos relativos a Persoal, aínda pertencendo a distintos grupos, será órgano competente para iso a ALCALDÍA. Requirirase informe da Intervención Municipal.
- En caso de transferencias dentro da mesma Área de Gasto será competente tamén o Sr. Alcalde da Corporación.
- En caso de transferencias entre diferentes áreas de gasto, salvo cando afecten a gastos de persoal, a competencia corresponderá ó Pleno da Corporación, debendo observarse os mesmos requisitos sinalados no número 2 da Base 8ª.

As transferencias de Crédito poderán supoñer a apertura de novas aplicacións orzamentarias.

Base 11ª.- XERACIÓNS DE CRÉDITO.-

1.- Poderá xerarse crédito, no Estado de Gastos, con ingresos de natureza non tributaria que se deriven das seguintes operacións:

- a) Aportacións, ou compromisos firmes das mesmas, de persoas físicas ou xurídicas para financiar, xunto co Concello, gastos que pola súa natureza estean comprendidos nos fins ou obxectivos dos mesmos.
- b) Alleamento de bens da Entidade Local.
- c) Prestación de Servizos.
- d) Reembolso de préstamos.
- e) Importes procedentes de reintegro de pagos indebidos con cargo ó Orzamento corrente, en canto a reposición do crédito na correspondente contía.

2.- Para que resulte procedente a xeración dos mencionados créditos requirirase: nos casos a que se refiren os apartados a) e b), o recoñecemento do dereito ou a existencia formal do compromiso firme de aportación; nos supostos dos apartados c) e d), ademais do recoñecemento do dereito, a dispoñibilidade de ditos créditos condicionada a súa efectiva recadación; e no que se refire o apartado e), a xeración do crédito estará subordinada á materialización do cobro do reintegro.

3.- Para tódolos casos referidos anteriormente, será indispensable a instrución do preceptivo expediente, sendo órgano competente para a súa resolución a ALCALDÍA – PRESIDENCIA, debendo axustarse á seguinte tramitación:

- Informe da Intervención Municipal.
- Decreto de Alcaldía.

Base 12ª.- INCORPORACIÓN DE REMANENTES DE CRÉDITO.-

1.- Os remanentes de crédito poderán ser incorporados aos seus correlativos dos Estados de gastos do exercicio seguinte, sempre e cando existan para iso suficientes recursos financeiros, cando, non sendo utilizado, procedan de crédito extraordinarios e suplementos ou transferencias que foran concedidas ou autorizadas, respectivamente, no derradeiro trimestre do exercicio e para os mesmos gastos que motivaron a súa concesión ou autorización; os que amparen compromisos de gastos adquiridos en exercicios anteriores; os derivados de operacións de capital; os autorizados en función da efectiva recadación dos dereitos afectados; e os que amparen proxectos financiados con ingresos afectados.

2.- Non poderán incorporarse aqueles remanentes declarados non dispoñibles, nin os xa incorporados no exercicio precedente, salvo os que amparen proxectos financiados con ingresos afectados, que serán obrigatoriamente sen limitación do número de exercicios, excepto que se desista de iniciar ou continuar a súa execución ou sexa imposible a súa realización.

3.- Para efectuar as incorporacións que se detallan no número 1 desta Base, será indispensable a instrución do preceptivo expediente, sendo órgano competente para a súa resolución a ALCALDÍA- PRESIDENCIA, debendo axustarse á seguinte tramitación:

- Informe da Intervención Municipal.
- Aprobación por Decreto de Alcaldía.

Base 13ª.- BAIXAS POR ANULACIÓN.-

A competencia para aproba-las baixas por anulacións de créditos corresponde ó Pleno da Corporación.

O Presidente, previo informe da Intervención, ordenará a incoación do oportuno expediente cando estime que o saldo dun crédito é reducible ou anulable sen perturbación do servizo.

Base 14ª.- LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO E BAIXAS XUSTIFICADAS DE DEREITOS E OBRIGAS NA AGRUPACIÓN DE ORZAMENTOS PECHADOS.-

Cando se poña de manifesto a necesidade de tramitar expedientes para a anulación ou baixa de dereitos e obrigas recoñecidas e liquidadas pertencentes á agrupación de orzamentos pechados, aplicarase o seguinte procedemento:

- Proposta Motivada.
- Informe de Intervención
- Aprobación inicial polo Pleno.
- Exposición ó Público polo prazo de quince días hábiles, a través de editos no Boletín Oficial da Provincia.
- Aprobación definitiva polo Pleno.

Base 15ª.- OPERACIÓNS DE CRÉDITO.-

As operacións de Crédito que se queiran realizar deberán ser autorizadas polo órgano competente da Corporación, previa instrución do preceptivo expediente que deberá ser informado pola Intervención municipal.

En calquera caso as operacións de crédito rexeranse polo contemplado no real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei Reguladora das Bases de réxime Local.

Base 16ª.- AUTORIZACIÓN E DISPOSICIÓN OU COMPROMISO DO GASTO.-

Dentro do importe dos créditos previstos no Orzamento Municipal, a autorización e disposición ou compromiso do gasto corresponderán, segundo os casos, ao Sr. Alcalde – presidente, ao Pleno do Concello ou á Xunta de Goberno Local, segundo a lexislación vixente e delegacións efectuadas.

Base 17ª.- RECOÑECIMENTO E LIQUIDACIÓN DAS OBRIGAS E ORDENACIÓN DO PAGO.-

- Corresponde ó Sr. Alcalde – Presidente o recoñecemento e a liquidación das obrigacións derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos, así como a ordenación do pago, podendo efectua-las delegacións que estime pertinente na Xunta de Goberno Local. Os pagos serán os que correspondan das obrigas previamente recoñecidas, tendo prioridade os relativos a persoal e os referidos a obrigas procedentes de exercicios anteriores, acomodándose ao plan de distribución de fondos que ó efecto se estableza pola Presidencia.
- Corresponde ó Pleno da Entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria, operacións especiais de crédito ou concesións de quita e espera.

Base 18ª.- XUSTIFICACIÓN DO GASTO.-

Para que poidan expedirse ordes de pago, haberá de acreditarse fehacientemente a realización da obra, servizo, subministro ou calquera outro dereito que corresponda ó acredor. Os correspondentes documentos xustificativos deberán ser previamente aprobados polo órgano competente, e con referencia ás facturas, terán que levar dilixencia subsrita polo ou encargado do mesmo, que acredite a recepción e conformidade dos subministros ou materias que as mesmas comprendan.

Base 19ª.- XUSTIFICACIÓN DO PAGO.-

1.- Para a realización do pago será necesario que o documento acreditativo do gasto (factura, certificación de obra, etc.) conteña tódolos requisitos legais, debendo acollerse, previa identificación, tanto en dito documento como na correspondente orde de pago, a sinatura do “recibí” da persoa interesada ou representante debidamente autorizado. Noutro caso xustificarse mediante xiro postal con acuso de recibo, letra de cambio – ou documento que legalmente a substitúa- ou transferencia bancaria.

2.- No relativo ás nóminas de persoal deberá xustificarse, mediante dilixencia do funcionario competente a prestación dos respectivos servizos que se retribúen, así como a sinatura do “recibí” pola persoa interesada, salvo que o pago se efectúe por transferencia bancaria.

Base 20ª.- PAGOS A XUSTIFICAR E ANTICIPOS DE CAIXA..-

1.- No caso de que no momento de expedirse e executarse a orde de pago non se poidan presenta-los documentos que acrediten a prestación do servizo, estes pagos terán o carácter de “a xustificar”, debendo de aplicarse ós respectivos créditos do Orzamento.

2.- Soamente poderán efectuarse “pagos a xustificar” nas seguintes ocasións:

- Cando o importe a xustificar non sobrepase da cantidade de mil cincocentos euros (1.500 euros).
- Que non sexan destinados a “Operacións de Capital”.
- Que o preceptor non teña pendente de xustificar cantidade algunha polo mesmo concepto.
- Que non se destinen a atender gastos de xustificar de modalidade periódica, os cales terían a consideración de “anticipos de caixa fixa”.

3.- Estes perceptores quedarán obrigados a xustificar a aplicación das cantidades recibidas por este concepto, no prazo máximo de tres meses e, en todo caso, antes da finalización do exercicio, reintegrando as cantidades non invertidas.

4.- As persoas que reciban “Anticipos de Caixa Fixa” renderán contas polos gastos atendidos con ditos anticipos, a medida que as súas necesidades de tesourería aconsellen a reposición dos fondos utilizados, os cales deberán ser xustificadas na forma que se indique polo Pleno do Concello.

Base 21ª.- PAGOS DE SUBVENCIÓN.-

Para o abono ou outorgamento de subvencións ou axudas económicas será aplicable a Lei de Subvencións 38/2003. Para que se poidan conceder subvencións polos órganos competentes con cargo ao orzamento será indispensable acreditar polos perceptores estar ao corrente das obrigas fiscais coa entidade que as concede, debendo xustificarse documentalmente no prazo establecido e mediante a presentación dos documentos que o acrediten suficientemente. Efectuado o pago sen previa xustificación e vencidos os prazos establecidos os perceptores das subvencións deberán reembolsar as cantidades.

Poderanse conceder subvencións de forma directa conforme ao artigo 28 da Lei 38/2003 en todos aqueles casos que por definición do obxecto das subvencións ou polo carácter singular das mesmas se acredite o interese público, social, económico ou humanitario e aquelas nas que se xustifique a dificultade da súa convocatoria pública. Recóllese de forma expresa para este exercicio 2.021

Asociación cultural Xistra	2.000 euros
----------------------------	-------------

Base 22ª.- GASTOS DE LOCOMOCIÓN, DIETAS E INDEMNIZACIÓNS. HORAS EXTRAORDINARIAS.-

1.- Os gastos de locomoción que se produzan como consecuencia de desprazamentos por comisión de servizos ou xestións oficiais dispostos pola Corporación, no caso de utilización do vehículo propio, faranse efectivas as seguintes cantidades; se se trata de membros da Corporación, a razón de 0.21 Céntimos de Euro por quilómetro percorrido. No caso de funcionarios e persoal laboral estarase ao que dispoña, en casos similares, para os funcionarios do Estado.

2.- No que respecta ás dietas, as correspondentes ó Sr. Presidente e demais membros da Corporación, por traslado **fóra da Provincia 80,00 euros/día**, ou **fóra da Comunidade Autónoma satisfaranse a razón de 160,00 euros/día**. Se o traslado é **dentro da provincia aboarase 60,00 Euros /día**. As dietas liquidaranse mediante unha declaración do alcalde no que conste a hora de saída e de chegada que motivou a dieta.

As relativas a funcionarios e persoal laboral, rexeranse polas normas establecidas para os funcionarios do Estado.

3.- O cargo de Alcalde- Presidente da Corporación desempeñase en réxime de dedicación parcial, coas seguintes retribucións:

CARGO	RETRIBUCIÓNS SALARIAIS ANUAIS	COTA PATRIMONIAL ANUAL
Alcalde Presidente	19.998,98	5.281,20

4.- No que se refire a indemnizacións, os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva ou parcial percibirán, por asistencia ás sesións do Pleno, Xunta de Goberno local e as Comisións Informativas de que formen parte, as seguintes cantidades:

CONCEPTO	CONTÍA
Asistencia Plenos	80,00 €/Sesión
Asistencias Xunta de Goberno local e calquera outro órgano Colexiado	60,00 €/Sesión

5.- As indemnizacións a satisfacer faranse efectivas mediante a presentación dos xustificantes polos conceptos que correspondan ou a través de declaración xurada polos interesados.

6.- O Persoal Funcionario ou Laboral polos traballos realizados fóra da xornada normal de traballo terá dereito a percibir as compensacións económicas correspondentes.

A autorización de traballos extraordinarios e o recoñecemento de compensacións económicas axustarase ao seguinte PROCEDIMIENTO:

- a) Informe de Fiscalización
- b) Acordo da Alcaldía

O valor da hora extraordinaria será a contía establecida no convenio colectivo ou estatuto que lle sexa de aplicación a cada posto. En caso de non estar contemplada o valor da hora extraordinaria será o **valor hora ordinaria incrementada no 50%**.

Base 23ª.- GASTOS DE CARÁCTER PLURIANUAL.-

1.- A autorización e compromiso de gastos de carácter plurianual subordinaranse ao crédito que en cada exercicio se consigne nos respectivos orzamentos, segundo dispón o artigo 79.2 do real Decreto 500/1990, de 20 do Abril.

2.- Poderán adquirirse compromisos de gastos con carácter plurianual sempre que a súa execución se inicie dentro do exercicio corrente e que, ademais, se encontren nalgún dos casos seguintes:

- Inversións e Transferencias de Capital.
- Os demais contratos e os de subministros, de consultoría, de asistencia técnica e científica, de prestación de servizos, de execución de obras de mantemento e de arrendamento do equipos non habituais das entidades locais, sometidos ás normas da Lei 9/2017, polo que se aproba a Lei de Contratos do Sector Público, que non poidan ser estipulados ou resulten antieconómicos por un ano.
- Cargas financeiras das débedas desta Entidade.
- Transferencias correntes que se deriven de Convenios subscritos polas Corporacións Locais con outras entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro.

O número de exercicios posteriores a que poidan aplicarse os gastos dos apartados a), b), i e) non será superior a catro anos.

Asemade, nos casos incluídos nos parágrafos a) e e), o gasto que se impute a cada un dos exercicios futuros autorizados non poderá exceder da cantidade que resulte de aplicar ó crédito correspondente do ano en que a operación se comprometeu as seguintes porcentaxes: no exercicio inmediato seguinte, o 70 por cento, no segundo exercicio o 60 por cento, e no terceiro e cuarto, o 50 por cento.

A xestión dos gastos de carácter plurianual axustarase ó disposto nos artigos 85 e 88 do real decreto 500/1990.

Base 24ª.- ACUMULACIÓN SIMULTÁNEA DE FASES DE GASTO.-

1.- Poderán acumularse varias fases de execución do orzamento de gastos, das enumeradas no artigo 52 do Real Decreto 500/1190, de 20 do Abril, nun so acto administrativo, producindo os mesmos efectos que se ditas fases se acordaran en actos administrativos separados, podéndose dar os seguintes casos:

- Autorización – disposición
- Autorización- disposición- recoñecemento da obriga.

2.- As referidas acumulacións serán factibles nos seguintes supostos:

Sempre nos gastos de carácter ordinario que se produzan regular e periodicamente, os que correspondan a liquidacións de obrigas derivadas de compromisos legalmente contraídos, e nos gastos que expresamente permita á Lei.

3.- O órgano competente para acordalo será a Alcaldía – Presidencia, o Pleno ou a Xunta de goberno Local, segundo as atribucións que lle confiren as Leis e as delegacións efectuadas.

Base 25ª.- FISCALIZACIÓN DE INGRESOS.-

Como norma de carácter xeral serán fiscalizadas e contabilizadas pola Intervención, tódalas propostas de actos de xestión, liquidación ou recadación de ingresos, debendo ser autorizadas pola Alcaldía ou aprobadas polo Pleno da Corporación, segundo os casos.

Base 26ª.- ACTOS DE XESTIÓN RELATIVOS ÓS INGRESOS.-

Deberá producirse a fiscalización previa para a súa aprobación polo órgano competente, nos seguintes casos:

- a. Devolución de Ingresos.
- b. Concesión de exencións, baixas ou bonificacións, sen prexuízo do que dispón o artigo 77.2, do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais.
- c. Aprazamento ou fraccionamento dos ingresos.
- d. Aprobación de Padróns, listas cobratorias e cargos a recadores e cobradores.
- e. Liquidación de tributos periódicos.

f. Imposición, modificación ou supresión de taxas impostos, e prezos públicos así como as súas respectivas ordenanzas.

g. Operacións de crédito e de tesourería.

Base 27ª.- XESTIÓN, LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN DE INGRESOS.-

1.- En relación cos actos de xestión, liquidación e recadación de ingresos, observaranse as seguintes prescricións:

- Unha vez aprobados os Padróns, as listas cobratorias e prego de cargo, remitiranse á Intervención para ser fiscalizados, quedando os recibos e matrices ou copias en poder da Tesourería.
- Finalizados os prazos de ingresos en voluntaria, pola Tesourería se relacionarán os valores en recibo impagados e as certificacións de descuberto, cuxas relacións pasarán á Deputación de Lugo para ser providenciadas de apremio e segui-lo procedemento de cobro en vía executiva.
- Os ingresos que se efectúen directamente en tesourería, segundo a liquidación que previamente se teña formulado, realizaranse mediante a correspondente orde de ingreso, ou talón de cargo, librándose a correspondente carta de pago ou recibo xustificante do ingreso.

2.- Polo que respecta ás autoliquidacións, o ingreso terá a condición de “a conta” do que resulte da liquidación definitiva que ó efecto se formule posteriormente.

Base 28ª.-INGRESOS PROVINTES DE SUBVENCIONS E OUTROS.-

Os recursos que se refiran a subvencións procedentes doutras entidades, así como os de dereito privado e os relativos a operacións de crédito, para financiamento de obras ou servizos, deberán ser xustificados previa e fehacientemente e non poderán ser aplicados a atencións distintas daquelas para as que foron destinados.

Estes ingresos afectados só poderán destinarse a unha finalidade distinta cando se conte con autorización expresa das persoas ou entidades que teñan efectuado o ingreso.

Base 29ª.-SALDOS DE DUBIDOSO COBRO (DEREITOS PENDENTES DE DIFÍCIL OU IMPOSIBLE RECADACIÓN)

Aos efectos de cálculo de remanente de Tesourería consideraranse dereitos pendentes de difícil ou imposible recadación, os seguintes:

- a) Os dereitos pendentes de cobramento liquidados dentro dos orzamentos dos dous exercicios anteriores ao que corresponde a liquidación minoraranse nun 25 por cento.
- b) Os dereitos pendentes de cobramento liquidados dentro dos orzamentos do exercicio terceiro anterior ao que corresponde a liquidación minoraranse nun 50 por cento.
- c) Os dereitos pendentes de cobramento liquidados dentro dos orzamentos dos exercicios cuarto a quinto anteriores ao que corresponde a liquidación minoraranse nun 75 por cento.
- d) Os dereitos pendentes de cobramento liquidados dentro dos orzamentos dos restantes exercicios anteriores ao que corresponde a liquidación minoraranse nun 100 por cento.

En calquera caso, a consideración dun dereito de difícil ou imposible recadación non implicará a súa anulación nin producirá a súa baixa en contas.

Base 30ª.- FACTURA ELECTRÓNICA.

Facendo uso da habilitación legal contida no artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, se exclúe da obriga de facturación electrónica ás facturas cuxo importe sexa de ata 5.000 € e ás emitidas polos provedores aos servizos no exterior das Administracións Públicas ata que ditas facturas podan satisfacer os requirimentos para a súa presentación a través do Punto xeral de entrada de facturas electrónicas de acordo coa valoración do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e os servizos no exterior dispoñan dos medios e sistemas apropiados para a súa recepción en ditos servizos.

BASE 31. FUNCIÓN INTERVENTORA.

• Fiscalización e intervención previa limitada:

1. O órgano interventor limitarase a comprobar os requisitos básicos seguintes:

- a) A existencia de crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto ou obriga que se propoña contraer. Nos casos nos que o crédito orzamentario dea cobertura a gastos con financiamento afectado comprobarase que os recursos que os financian son executivos, acreditándose coa efectiva materialización do ingreso ou a existencia de documentos fehacientes que acrediten a súa efectividade. Cando se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase, ademais, se se cumpre o preceptuado no artigo 174 del TRLRHL. Entenderase que o crédito é adecuado cando financie obrigas a contraer ou nacidas e non prescritas con cargo á tesourería da entidade local cumprindo os requisitos dos artigos 172 e 176 do TRLRHL.

b) Que as obrigas ou gastos xeranse por órgano competente. En todo caso comprobaranse a competencia do órgano de contratación ou concedente da subvención, cando dito órgano non teña atribuída a facultade para a aprobación dos gastos de que se trate.

c) O resto de extremos adicionais que estean vixentes por acordo do Consello de Ministros na fiscalización e intervención previas de requisitos básicos

□ **Fiscalización de ingresos.**

Substitúese a fiscalización previa de dereitos e ingresos polo control inherente á toma de razón en contabilidade, non sendo de carácter obrigatorio, conforme ao acordado no apartado seguinte, a realización das actuacións de comprobación posteriores previstas no art. 219.4 TRLRHL ao enmarcarse dentro da función de control financeiro.

□ **Réxime de control simplificado**

O Concello de Pedrafita do Cebreiro acollese ao réxime de control interno simplificado conforme ao establecido nos artigos 39 e 40 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se exercerá a función interventora pero non sendo obrigatoria a función de control financeiro, sen prexuízo da aplicación da auditoría de contas nos supostos previstos no artigo 29.3.A) do Regulamento 424/2017 e de aquelas actuacións cuxa realización polo órgano interventor derive dunha obriga legal

DISPOSICIÓN FINAIS

PRIMEIRA.- Os orzamentos do Concello, unha vez aprobados definitivamente, teñen efectos de 1 de Xaneiro de 2021 segundo o artigo 21.6 do real Decreto 500/1990.

SEGUNDA.- Para o non previsto nestas Bases estarase ó disposto con carácter xeral pola vixente Lexislación local, pola Lei Xeral Orzamentaria, Lei tributaria e demais normas do Estado que sexan aplicables, así como o que resolva a Corporación previo informe de Intervención.

TERCEIRA.- O Presidente da Corporación é o Órgano Competente para a interpretación das presentes Bases, previo informe da Secretaría- Intervención, segundo as súas respectivas competencias.

Pedrafita do Cebreiro, 23 de decembro de 2020.- O ALCALDE, José Luis Raposo Magdalena.

R. 3354

A PONTENOVA

Anuncio

Aprobado definitivamente en sesión plenaria extraordinaria do 22/12/2020, a ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DO USO COMÚN ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA NOS MONTES E ESPAZOS FORESTAIS E POLAS CANTEIRAS DO CONCELLO DE A PONTENOVA (LUGO), procédese a súa publicación:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DO USO COMÚN ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA NOS MONTES E ESPAZOS FORESTAIS E POLAS CANTEIRAS

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO

Esta Entidade Local, en uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, de acordo co previsto no artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e nos artigos 9, 11 e 15 a 27 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo; establece a taxa por aproveitamento especial de camiños de titularidade municipal, polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras, que se rexerá por medio de ordenanza Fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado Real Decreto Lexislativo 2/2004.

O obxecto será establecer o réxime xurídico de todas aquelas accións encamiñadas a previr, minimizar, corrixir ou, no seu caso, impedir os efectos que a utilización dos camiños de titularidade municipal, con motivo das operacións de depósito, arrastre e transporte de madeira provinte das cortas de madeira nos montes do municipio.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible da taxa o aproveitamento especial do dominio público local, con motivo das operacións de depósito, arrastre e transporte de madeira provinte da explotación forestal, así como o depósito e transporte dos produtos extraídos da explotación de canteiras.

ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, solicitantes das correspondentes e preceptivas autorizacións para a concesión do aproveitamento especial do dominio público local, con motivo das operacións de depósito, arrastre e transporte de madeira provinte da explotación forestal, así como o depósito e transporte dos produtos extraídos da explotación de canteiras.

ARTIGO 4. RESPONSABLES

A empresa madeireira/mineira será responsable directamente de todos os danos e prexuízos a persoas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo do depósito e saca, depósito e transporte da madeira, ou transporte de áridos e lousa, debendo reparar o dano causado.

A devandita obriga será esixible non só polos actos ou omisións propios, senón tamén polos cometidos por calquera persoa que, sen ser empregada ou traballadora da empresa madeireira/mineira, interveña nas operacións de depósito e saca de madeira/ áridos ou lousa por conta, consentimento ou aquiescencia da mesma e, en xeral, polos cometidos por aquelas persoas de quen deba responder.

As persoas propietarias das parcelas de monte nas que se efectúen actividades de extracción de madeira serán responsables, principalmente cando a corta se faga a feito en zonas con pendentes elevadas, da adopción das medidas precisas para previr tanto os riscos erosivos sobre o terreo como as posibles consecuencias da erosión sobre os bens públicos.

Salvo precepto legal expreso en contrario, a responsabilidade será sempre subsidiaria.

Con relación á responsabilidade solidaria e subsidiaria da débeda tributaria, estarase ao establecido nos artigos 42 e 43, respectivamente, da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 5. COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria determinarase pola aplicación da seguinte tarifa:

- 0,60 €/tonelada (t) de madeira.

- Canteiras (Cota anual):

-3,6 €/metro lineal de aglomerado

-2,10 €/metro lineal de asfaltado

-1,20 €/metro lineal de zahorra

O Concello, a través do Servizo oportuno, ten a facultade de inspeccionar e comprobar todo o relacionado co aproveitamento especial dos camiños de titularidade municipal dos que se fai cargo nesta Ordenanza.

ARTIGO 6. EXENCIÓNS

Quedan exentos do pago desta taxa:

2. Os vehículos de Institucións e Entes Públicos no exercicio da súa función, tales como policía, bombeiros, gardas, etc...
3. En circunstancias especiais, poderanse considerar outras situacións distintas ás citadas no parágrafo anterior, como poden ser: obras públicas, actividades de interese público ou xeral, promovidas polas Administracións Públicas ou polos seus entes instrumentais, casos de emerxencia, accidentes ou catástrofes, etc...
4. Vehículos ou máquinas utilizadas para as seguintes actividades:
 - Podas en plantacións forestais.
 - Rozas e limpeza de fincas.
 - Clareo de rebrotes de cepas de menos de tres anos.
 - Cortas puntuais de exemplares de árbores ornamentais.
 - Cortas para usos domésticos.
 - Actividades agrícolas e gandeiras.

ARTIGO 7. DEVEÑO

A taxa devindicarase segundo a natureza do seu feito imponible, cando se conceda a correspondente licenza ou autorización para a realización das actividades que constitúan o feito imponible da taxa, unha vez tramitado o correspondente expediente iniciado coa presentación da solicitude polo suxeito pasivo.

ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN

Os suxeitos pasivos que se beneficien polo aproveitamento especial regulado nesta taxa virán obrigados a abonar as cotas correspondentes conforme o seguinte procedemento:

8.1.- Os transportistas e contratistas que precisen a utilización de camiños de titularidade municipal deberán solicitar a oportuna licenza municipal, no modelo establecido no anexo I da presente ordenanza, facendo constar os seguintes extremos:

- Datos identificativos da empresa madeireira/mineira (denominación, número do NIF, enderezo e teléfono, nome e apelidos da persoa encargada ou responsable da empresa).

- Especie de madeira obxecto da corta.
- Volume de madeira que se prevé extraer.
- Nome das fincas ou montes afectados, lugar ou sitio e parroquia, así como identificación catastral da finca ou monte afectado, indicando polígono e parcela/s.
- Datas previstas de inicio e remate dos traballos
- Lugar onde se depositará a madeira á espera da súa carga e vías a empregar.
- Identificación da vía municipal a utilizar: Nome e plano coa traza do mesmo.
- Copia compulsada da solicitude ou do permiso, autorización ou licenza de corta expedido polo órgano competente da Comunidade Autónoma.
- No suposto de canteiras, copia compulsada das labores anuais autorizadas na canteira de que se trate.
- Fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar da empresa madeireira/mineira que cubra os eventuais danos e prexuízos que poidan causarse con ocasión da extracción de madeira/áridos, así como do último recibo pagado, acreditativo de que o seguro está vixente no momento de realizarse as devanditas operacións.
- Declaración responsable sobre o estado dos camiños ou vías públicas de titularidade municipal polas que se vai circular para a realización das operacións de depósito, arrastre e transporte de madeira provinte da explotación forestal, así como de depósito e transporte dos produtos extraídos da explotación de canteiras, no modelo establecido no anexo II da presente ordenanza. No caso de que na declaración responsable se manifeste o mal estado dos camiños ou vías municipais, aportaranse fotografías dos mesmos que o acrediten.

8.2.- Sen prexuízo do cumprimento do establecido na lexislación urbanística, de Medio Ambiente Forestal, do Código de circulación, e demais lexislación, normas e/ou ordenanzas que poidan ser de aplicación, o posuidor dunha licenza para a actividade descrita virá obrigado á reparación inmediata dos deterioros producidos nos viais, ou nas infraestruturas anexas, así como a retirada total dos restos procedentes das operacións de carga e almacenamento.

8.3.- Unha vez recibida a solicitude, e para o caso de que a declaración responsable manifeste o mal estado dos camiños, con carácter previo á utilización dos mesmos, os servizos técnicos municipais procederán a realizar un informe sobre o estado das vías a utilizar.

8.4.- A utilización dos camiños de titularidade municipal, para a saca e transporte de madeiras e outros materiais de natureza análoga, non impedirá a utilización adecuada e sen dificultades destes polos restantes usuarios do mesmo, estando obrigados os responsables das operacións de saca de madeira a reparar os danos causados por estas operacións para o seu adecuado uso polos restantes usuarios.

8.5.- Terminada a utilización camiños de titularidade municipal, para a saca e transporte de madeiras e outros materiais de natureza análoga, o concesionario da licenza, comunicará ao Concello a finalización dos traballos, no modelo establecido como anexo III. Por parte dos Servizos Técnicos municipais emitirase informe sobre os danos que, no seu caso, se produciron nos camiños afectados polas operacións de saca e transporte de madeiras e outros materiais de natureza análoga. O dito informe técnico emitirase soamente no caso de que se producisen danos nos camiños públicos, e que foran apreciados por persoal municipal ao que se lle encomende tal función.

Á vista do informe técnico, poñeranse en coñecemento do titular da licenza as reparacións que, no seu caso, deberán efectuarse no prazo máximo de un (1) mes. Transcorrido o citado prazo sen que efectuasen as reparacións requiridas, o Concello procederá á súa execución subsidiaria á conta do obrigado, repercutindo contra este o importe da reparación dos danos. Se os danos causados fosen irreparables, o Concello será indemnizado nunha contía igual ao valor dos bens destruídos ou o importe da deterioración ocasionada. No caso de que sexan varios os que utilicen simultaneamente os mesmos camiños municipais, e existan danos, procederáse a unha distribución proporcional das responsabilidades entre os diversos usuarios.

8.6.- O aproveitamento especial de camiños de titularidade municipal, para a saca e transporte de madeira e outros materiais de natureza análoga dentro do Concello de A Pontenova, sen a preceptiva licenza municipal, será obxecto dun expediente sancionador.

8.7.- A validez da licenza quedará condicionada ao pago da taxa.

ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como ás sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, así como as súas disposicións de desenvolvemento, segundo o disposto no artigo 11 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e concretamente, polo establecido na Ordenanza reguladora do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras (artigos 11 e 12).

Á súa vez, poderán esixirse por procedemento administrativo de prema as débedas por este servizo, de conformidade co artigo 46.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e a normativa de recadación que sexa de aplicación.

ARTIGO 10. LEXISLACIÓN APLICABLE

En todo o non previsto na presente Ordenanza estarase ao disposto no texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e demais disposicións complementarias actualmente en vigor ou que se diten en adiante.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

A presente Ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno deste Concello en sesión celebrada o 22 de decembro de 2020, entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e será de aplicación a partir de dita publicación, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou a súa derogación expresa.

ANEXO I**SOLICITUDE DE LICENZA PARA OPERACIÓNS DE SACA DE MADEIRA/MINEIRA**

Datos da empresa madeireira/mineira
Denominación:
N.I.F./C.I.F.:
Enderezo:
Teléfono:
Representante/ Responsable da empresa: N.I.F. do representante/responsable:

Datos da propiedade forestal/ concesionario da canteira		
Especie de madeira obxecto da corta:		
Volume total da madeira (t) / áridos (t) a extraer:		
Nome das fincas ou montes afectados, lugar e parroquia:		
Identificacións catastrais	Polígono	Parcela
	-	-
	-	-
	-	-
	-	-
	-	-
	-	-
Datos do aproveitamento forestal/áridos		
Datas previstas de inicio e remate:		
Lugar onde se depositará a madeira/áridos:		
Viario municipal a empregar para o transporte da madeira cortada/áridos:		

Documentación:

CIF da empresa solicitante e DNI do representante.

Identificación do camiño ou vía municipal a utilizar: Nome e plano coa traza do mesmo.

Copia compulsada da solicitude ou do permiso, autorización ou licenza de corta expedido polo órgano competente da Comunidade Autónoma.

No suposto de canteiras, copia compulsada das labores anuais autorizadas na canteira de que se trate.

Fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar da empresa madeireira/mineira que cubra os eventuais danos e prexuízos que poidan causarse con ocasión da extracción de madeira/áridos, así como do último recibo pagado, acreditativo de que o seguro está vixente no momento de realizarse as devanditas operacións.

Declaración responsable sobre o estado dos camiños ou vías públicas de titularidade municipal polas que se vai circular para a realización das operacións de extracción de madeira/áridos (anexo II).

Fotografías do estado dos camiños/vías municipais, de ser o caso.

A Pontenva, a _____ de _____ de _____.

Asdo.: _____

ANEXO II**DECLARACIÓN RESPONSABLE DO ESTADO DOS CAMIÑOS ANTES DAS OPERACIÓNS DE SACA DE MADEIRA/MINEIRA**

Datos da empresa madeireira/mineira
Denominación:
N.I.F./C.I.F.:
Enderezo:
Teléfono:
Representante/ Responsable da empresa: <input type="checkbox"/>
N.I.F. do representante/responsable:

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

Que os camiños ou vías públicas municipais que se van empregar para o transporte da madeira cortada/áridos, e que se sinalan na solicitude da licenza (anexo I) están no seguinte estado de conservación:

- MAL ESTADO DE CONSERVACIÓN
- BO ESTADO DE CONSERVACIÓN

A Pontenova, a _____ de _____ de _____.

Asdo.: _____

ANEXO III

COMUNICACIÓN DE FINALIZACIÓN DOS TRABALLOS DE SACA DE MADEIRA/MINEIRA

Datos da empresa consesionaria da licenza	
Denominación:	
N.I.F./C.I.F.:	
Enderezo:	
Teléfono:	
Representante/ Responsable da empresa:	<input type="checkbox"/>
N.I.F. do representante/responsable:	

COMUNICA:

Que os traballos obxecto da licenza municipal por actividades extractivas da madeira/canteiras concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data _____, remataron en data _____ de _____ de _____ .

A Pontenova, a _____ de _____ de _____.

Asdo.: _____.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE A PONTENOVA (LUGO).

A Pontenova, 22 de decembro de 2020.- O Alcalde, Darío Campos Conde.

R. 3338

Anuncio

Aprobado definitivamente en sesión plenaria extraordinaria do 22/12/2020, a ORDENANZA XERAL REGULADORA DO USO COMÚN ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA NOS MONTES E ESPAZOS FORESTAIS E POLAS CANTEIRAS DO CONCELLO DE A PONTENOVA (LUGO), procédese a súa publicación:

ORDENANZA REGULADORA DO USO COMÚN ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA NOS MONTES E ESPAZOS FORESTAIS E POLAS CANTEIRAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector forestal e a actividade madeireira con el asociada, constitúe un sector económico moi relevante neste Concello, tanto pola súa extensión como polo que supón para a sustentabilidade económica dos veciños/as.

A explotación forestal do monte e, concretamente, o transporte dos aproveitamentos do mesmo, nomeadamente o transporte, arrastre, depósito e carga, entre outros, derivado da corta de madeira polas vías de titularidade municipal, supón un uso do dominio público municipal dunha intensidade que, en moitos casos, impide o uso normal xeral por parte do resto dos usuarios/as das mesmas polo deterioro que producen no firme das mesmas os usos antes nomeados.

Por outro lado, os danos producidos polos usos antes referidos, obriga ao concello a realizar gastos de contía extraordinaria para o mantemento do viario municipal que soporta estes tráxicos en condicións que permitan o uso normal e xeral dos camiños e vías municipais ao ten dereito a veciñanza e a xeneralidade dos usuarios/as calquera que sexa o seu lugar de residencia; é dicir, o concello vese obrigado a facer estes esforzos orzamentarios para facer fronte aos danos producidos polos tráxicos referidos de forma que se poida compatibilizar tales usos cos usos normais e xerais aos que están, precisamente, destinados. Dito doutra maneira, de non existir un uso das vías municipais por parte das empresas madeireiras que antes referíamos, o mantemento dos mesmos para o uso común xeral por todos os cidadáns soamente precisaría de gastos ordinarios que son os que comunmente se fan nas vías non usadas polo transporte, arrastre, depósito e carga, derivado da corta de madeira.

Tal uso, polas súas especiais características derivadas dos medios empregados, así como da súa intensidade á que se someten as vías de depósito e saca da madeira cortada, configuran un USO COMÚN ESPECIAL das vías municipais, de conformidade con canto se establece polo artigo 74.3.1.b) do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño. Uso especial que a presente Ordenanza regula.

Uso especial que, como xa se dixo, incide de forma extraordinaria nos custes de mantemento das vías municipais afectadas polo mesmo, para que poidan servir ao uso normal e común que constitúe a finalidade última das mesmas.

A explotación das canteiras existentes, se ben con menor importancia económica que o sector forestal, ten unha incidencia nas vías municipais análoga á da explotación forestal, aunque moito máis reducida cuantitativamente, polo escaso número de explotacións; agora ben, dada a intensidade que este uso supón e a incidencia no deterioro das vías empregadas polo transporte dos produtos extraídos, en especial nas inmediacións das mesmas, este uso cualifícase de USO COMÚN ESPECIAL.

Sendo certo que o municipio carece de competencias regulatorias da explotación forestal dos montes e da corta de madeira da mesma derivada, non o é menos que o municipio ostenta plena capacidade e competencia para regular o uso das vías públicas municipais, así como para a defensa e policía das mesmas.

A presente Ordenanza non incide, nin directa nin indirectamente, na regulación das corta nin na actividade forestal no municipio, actividade sobre á que o municipio non ten competencia, limitándose, como non podía ser doutra maneira, a protexer as vías públicas municipais fronte ás consecuencias que o depósito, arrastre e transporte de madeira, cualificando tales usos como usos especiais e regulándoos de forma que se compatibilice tal uso especial que das mesmas se fai polas empresas madeireiras co uso común xeral da veciñanza e demais cidadáns. Compatibilidade de usos que, para materializarse de forma efectiva, esixe inxentes gastos a cargo do Concello, ou o que é o mesmo, a cargo dos nosos veciños e veciñas que, finalmente son os que os sufragan a medio de impostos e taxas que soportan.

A presente regulación pretende que os danos causados ao viario municipal sexan soportados polos causantes dos mesmos, cando menos parcialmente.

Como di a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, recurso 406/2009, Fundamento de dereito cuarto “...*toda conservación implica intrínsecamente a regulación del uso de aquello que se pretende conservar, mediante actos de tutela y defensa...las autorizadas competentes para la conservación, lo son asimismo, para la vigilancia y regulación de los usos comunes y los aprovechamientos especiales, por lo que hemos de concluir la competencia del Municipio para regular los usos de los caminos rurales*”.

Sigue dicindo a Setenza no seu Fundamento xurídico cuarto “...*con carácter general en principio, no son iguais, nin sirven por ello los términos de comparación a los efectos de aplicar aquél único precepto que denuncia como infringido, los usos de los caminos rurales, y deterioro consiguiente, realizados por vehículos agrícolas y por aquellos otros (no suposto enxuciado vehículos de uso mineiro). No lo son, incluso, aun en supuestos de similar tonelaje, ya que no cabe descartar, solo por ello, que incidan circunstancias desiguales, referidas, por ejemplo, a las frecuencias de los tránsitos y a los efectos ligados a la naturaleza del material objeto de transporte*”.

As aseveracións que preceden poden e deben facerse igualmente en relación ás explotacións das canteiras.

En orde á competencia municipal para a aprobación desta Ordenanza, aquela emana da potestade regulamentaria do municipio recoñecida polo artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Nesta orde de cousas, recordar que o título habilitante/competencia municipal vén recollido no artigo 25.1.d), 49,80 e 82 da Lei 1985, antes referenciada. No mesmo sentido compre invocar os artigos 74 e seguintes do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; nos artigos 3,4,44,76 e 77 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, e así mesmo, nos artigos 41 e 92 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Réxime Xurídico do Patrimonio das Administracións Públicas.

Entre ás normas establecidas por esta Ordenanza, destacaremos:

- A existencia de licenza municipal para para o uso especial regulado; *licenza que vén exixida polo artigo 77 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, no que se establece:*

“1. El uso común especial normal de los bienes de dominio público se sujetará a licencia, ajustada a la naturaleza del dominio, a los actos de su afectación y apertura al uso público y a los preceptos de carácter general”.

- A existencia da prestación dunha garantía que cubra preventivamente o risco de deterioros especialmente importantes polos gastos que supón a restauración da vía afectada á situación en que se atopaba antes dos depósitos, arrastres e transportes autorizados.

TÍTULO PRELIMINAR: OBXECTO E FUNDAMENTO

Artigo 1.- Obxecto e fundamento.

1.1.- De conformidade co disposto nos artigos 4.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, e 75 e 77 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, o Concello de A Pontenova (Lugo) establece a presente ordenanza reguladora do uso común especial dos camiños de titularidade municipal, con motivo das operacións de depósito, arrastre e transporte de madeira provinte das cortas de madeira nos montes do municipio. Uso especial que tamén se declara das mesmas operacións derivadas da explotación das canteiras que poidan existir no termo municipal.

O obxecto da Ordenanza vén constituído pola cualificación e regulación dos usos comúns especiais establecidos no parágrafo anterior, coa finalidade de garantir a necesaria e obrigada conservación do viario municipal dos deterioros producidos con ocasión dos usos especiais que se regulan.

Enténdese por uso común especial do viario municipal o depósito, arrastre e transporte de madeira, derivados de sacas de madeira provintes da explotación forestal, así como o depósito e transporte dos produtos extraídos da explotación de canteiras. Cualificación que trae causa da especial intensidade que as referidas operacións levan consigo, intensidade que se manifesta no grado de deterioro que sofre o viario municipal; deterioro que non se manifesta nos transportes que de forma permanente se realizan polo resto das actividades propias do medio rural.

1.2.- Quedan excluídas da presente ordenanza as pistas forestais definidas no artigo 8.25 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Artigo 2.-Actividades excluídas.

Para os efectos desta ordenanza, non teñen a consideración de transportes, e acopios de madeira provinte da explotación forestal:

- Podas en plantacións forestais.
- Rozas e limpeza de fincas.
- Clareo de rebrotes de cepas de menos de tres anos.
- Cortas puntuais de exemplares de árbores ornamentais.
- Cortas para usos domésticos.
- Actividades agrícolas e gandeiras.

Artigo.3.- Definicións.- Para os efectos da aplicación desta ordenanza, considérase:

- a) Actividade forestal: aquela que se desenvolve a partir do aproveitamento múltiple dos recursos que proporcionan os terreos nos que vexetan especies arbóreas, sexan de nacemento ventureiro, de semente ou de plantación, sempre que non sexan características de cultivo agrícola.
- b) Actividade mineira: aquela que ten por obxecto a explotación dos recursos mineiros, calquera que sexa a sección das reguladas pola lexislación mineira.
- c) Saca de madeira: deberá entenderse, para os efectos desta ordenanza, a totalidade das operacións que se desenvolvan dentro do Concello, que teñan por obxecto a obtención e transporte de madeira de corta, incluíndo tanto as operacións previas ou preparatorias á corta (desprazamento de vehículos e maquinaria, construción de ramplas ou accesos ás fincas, preparación do terreo, etc.) como as posteriores (preparación e depósito da madeira, cargamento e transporte).
- d) Empresa madeireira: persoa física ou xurídica que realice os labores de preparación do terreo, repoboación, corta, saca, depósito e/ou transporte da madeira. Tamén abrangue a aquelas persoas propietarias que realicen algúns destes labores nas parcelas da súa propiedade, sempre e cando non sexa para o autoconsumo de madeira e teñan por destino a súa comercialización.
- e) Empresa mineira: persoa física ou xurídica que realice os labores propias da explotacións de canteiras de áridos, pizarra ,etc.

Artigo 4.- Ámbito de aplicación.- O ámbito de aplicación desta ordenanza é o termo municipal de A Pontenova (Lugo), sen prexuízo das disposicións especiais que poidan rexer en zonas cualificadas como especialmente protexidas ou espazos naturais.

TÍTULO I: AUTORIZACIÓNS E RÉXIME XURÍDICO

Artigo 5.- Requisitos para as operacións de saca de madeira e das canteiras.- Para realizar traballos de saca e depósito de madeira en plantacións forestais do Concello, será obrigatorio obter a preceptiva licenza municipal para uso especial da vía ou vías municipais a empregar para o depósito e transporte de madeira, áridos ou lousas.

A solicitude de licenza, asinada polo representante da empresa madeireira ou da canteira, deberá presentarse no rexistro do Concello, en papel ou telemáticamente, ou en calquera outro dos rexistros establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

Elo farase sen prexuízo da necesaria obtención, con carácter previo, dos permisos ou autorizacións que, conforme á normativa vixente, sexan necesarios, xa foran da autoridade forestal, de conservación da natureza, de protección de augas, de preservación do patrimonio arqueolóxico ou de minas.

Na solicitude de licenza ou en documentación anexa deben constar:

- Datos identificativos da empresa madeireira/mineira (denominación, número do NIF, enderezo e teléfono, nome e apelidos da persoa encargada ou responsable da empresa).
- Especie de madeira obxecto da corta.
- Volume de madeira que se prevé extraer.
- Nome das fincas ou montes afectados, lugar ou sitio e parroquia, así como identificación catastral da finca ou monte afectado, indicando polígono e parcela/s.
- Datas previstas de inicio e remate dos traballos.
- Lugar onde se depositará a madeira á espera da súa carga e vías a empregar.
- Identificación da vía municipal a utilizar: Nome e plano coa traza do mesmo.
- Copia compulsada da solicitude ou do permiso, autorización ou licenza de corta expedido polo órgano competente da Comunidade Autónoma.
- No suposto de canteiras, copia compulsada das labores anuais autorizadas na canteira de que se trate.
- Fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar da empresa madeireira que cubra os eventuais danos e prexuízos que poidan causarse con ocasión da corta e saca de madeira, así como do último recibo pagado, acreditativo de que o seguro está vixente no momento de realizarse as devanditas operacións.
- Declaración responsable sobre o estado dos camiños ou vías públicas de titularidade municipal polas que se vai circular para a realización das operacións de depósito, arrastre e transporte de madeira provinte da

explotación forestal, así como de depósito e transporte dos produtos extraídos da explotación de canteiras, no modelo establecido no anexo II da presente ordenanza.

O Concello de A Pontenova (Lugo) terá a disposición das persoas interesadas un modelo normalizado de escrito de solicitude tal e como se recolle no Anexo I.

O Concello requirirá á empresa madeireira/mineira ou á persoa propietaria do monte ou predio forestal a presentación da correspondente solicitude, cando comprobe que a empresa madeireira non cumpriu coa súa obriga de presentar nas oficinas municipais a comunicación previa, sen prexuízo da correspondente sanción derivada do incumprimento da obriga de presentación do mesma.

Artigo 7.- Responsables.- A empresa madeireira/mineira será responsable directamente de todos os danos e prexuízos a persoas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo do depósito e saca, depósito e transporte da madeira, ou transporte de áridos e lousa, debendo reparar o dano causado. O Concello velará especialmente para que as devanditas operacións de saca de madeira, e no seu caso, da explotación de canteiras, non ocasionen danos nas vías públicas municipais e estas queden en axeitado estado de conservación, limpeza e seguridade.

A devandita obriga será esixible non só polos actos ou omisións propios, senón tamén polos cometidos por calquera persoa que, sen ser empregada ou traballadora da empresa madeireira/mineira, interveña nas operacións de depósito e saca de madeira/ áridos ou lousa por conta, consentimento ou aquiescencia da mesma e, en xeral, polos cometidos por aquelas persoas de quen deba responder.

As persoas propietarias das parcelas de monte nas que se efectúen actividades de extracción de madeira serán responsables, principalmente cando a corta se faga a feito en zonas con pendentes elevadas, da adopción das medidas precisas para previr tanto os riscos erosivos sobre o terreo como as posibles consecuencias da erosión sobre os bens públicos.

Artigo 8.- Obrigas.- A empresa madeireira/mineira estará obrigada a asumir os custes da reparación dos estragos producidos nas vías, nas estruturas anexas ou noutros elementos do dominio público local.

A empresa madeireira/mineira queda obrigada á limpeza e á retirada dos residuos da corta de madeira como dos áridos, de xeito que as pistas, camiños ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de levarse a cabo as operacións de corta e saca de madeira. A obriga de limpeza deberá cumprirse todos os días ao final da xornada de traballo. A mesma obriga atinxe ás canteiras no relativo a vertido de áridos e restos da explotación mineira.

Os depósitos de rolla, pólas, podalla ou demais restos non poderán invadir as zonas de circulación viaria, nin menoscar a funcionalidade das cunetas, gabias, canalizacións, pontellas ou calquera outra infraestrutura auxiliar ou anexa aos camiños ou vías, de cara a evitar riscos para as persoas usuarias. As mesmas prohibicións en relación co viario municipal e os seus elementos funcionais, atinxen ao vertidos e restos de áridos.

Prohíbese que os refugallos que non sexan estritamente vexetais queden ou se depositen no monte, vías ou lugares non autorizados, Os residuos asimilables aos urbanos seleccionaranse e depositaranse no contedor municipal axeitado. Os residuos industriais, especialmente, aceites usados, entregaranse a un xestor autorizado de residuos.

As empresas madeireiras e/ou as persoas propietarias dos montes tratarán os restos forestais de xeito que minimicen o risco de incendio, dando prioridade aos tratamentos que supoñan a incorporación dos ditos restos ao ciclo produtivo agroforestal ou ao aproveitamento de biomasa forestal residual nas súas distintas variantes.

A empresa madeireira/mineira estará obrigada a sinalizar as vías situadas nas zonas de extracción e depósito de madeira ou áridos, conforme ao establecido na normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade viaria.

Prohíbese o uso das vías públicas para almacén ou depósito irregular da madeira. Entenderase por depósito irregular, para os efectos desta ordenanza, aquel que exceda de 30 días naturais. No suposto de áridos e/ou lousa enténdese como depósito irregular aquel que exceda de 20 días naturais.

A empresa madeireira ou o propietario forestal deberán derrubar e repoñer ao seu estado anterior as ramplas abertas para facilitar o acceso ao terreo ou ao monte, co obxecto de que, cando chova, a auga e a terra arrastrada non inunden e cause danos nas pistas ou camiños municipais.

As limpeza ou reparacións deberanse realizar nun prazo máximo de 72 horas a partir da retirada da madeira.

De acordo co disposto na normativa urbanística vixente, queda prohibido efectuar desprazamentos de terra que polas súas características deban ser considerados movementos de terra.

Artigo 9.- Requerimentos. Normas comúns no uso da fianza non devolta e execución subsidiaria.- Unha vez que se advertiu o incumprimento da presente ordenanza, e de forma paralela á apertura do expediente sancionador, requirirase á persoa responsable da infracción para que se axuste á normativa e, de ser o caso, repare os danos e prexuízos causados, outorgándolle para elo un prazo prudencial fixado polos servizos técnicos municipais, que, en calquera caso, non poderá exceder de un (1) mes. Unha vez que transcorra este prazo sen que se dea cumprimento ao requirimento, procederase, sen necesidade de novas notificacións, á súa execución subsidiaria, cargándolle os custes derivados á persoa responsable.

Constatada a destrución ou deterioro do dominio público viario local ou a acumulación de restos procedentes das operacións de carga e almacenamento, o Concello poderá realizar, repercutindo contra o obrigado, as operacións de reparación, corrección e/ou retirada de restos, sen prexuízo da sanción que proceda.

O Concello elaborará un informe técnico sobre os danos e requiriráselle ao responsable para que abone as cantidades ocasionadas por estas, mediante a tramitación do oportuno expediente administrativo, de conformidade co previsto na Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común.

TÍTULO II INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Art. 10.- Infraccións.- Son infraccións da presente ordenanza os actos e omisións que contraveñan o establecido na mesma. A comisión de calquera infracción levará aparelada a imposición aos responsables das correspondentes sancións, sen prexuízo da obriga de indemnizar aos prexudicados polos danos derivados da súa comisión.

A infraccións da presente ordenanza, cualifícanse en moi graves, graves e leves.

Constitúen infraccións moi graves:

- Non presentar, no prazo que se lle indique, o escrito de solicitude de licenza para realización dos transportes e/ou depósito de madeira/ ou de produtos mineiros unha vez fose requirido polo Concello.
- Deixar as vías municipais nun estado de suciedade que supoña unha situación de risco para a seguridade viaria, segundo o informe municipal emitido para o caso.
- Causar danos nas vías municipais por valor superiores a 9.000 €, segundo o informe municipal emitido para o caso.
- Cometer nun prazo dun ano, dúas faltas graves firmes na vía administrativa.

Constitúen infraccións graves:

- Non presentar o escrito de solicitude de licenza, aínda que o achegue despois de ser requirido polo Concello.
- Deixar as vías municipais en deficiente estado de suciedade, segundo o informe municipal emitido para o caso.
- Causar danos nas vías municipais por valor inferior a 9.000 €, segundo o informe municipal emitido para o caso.
- Non demoler ou non repoñer ao seu estado orixinal as ramplas ou accesos que se abran para acceso aos terreos forestais.
- Cometer, nun prazo dun ano, dúas faltas leves, firmes na vía administrativa.

Considéranse infraccións leves calquera outro incumprimento desta ordenanza que non estea cualificado como moi grave ou grave e a súa sanción corresponda ao Concello.

Art. 11.- Sancións.- As infraccións desta ordenanza serán sancionadas coas seguintes multas:

- Infraccións leves: multa de ata 300,00€
- Infraccións graves: multa de contía comprendida entre 300,01€ e 1.500,00€.
- Infraccións moi graves: multa de contía comprendida entre 1.500,01€ e 3.000,00€

A tramitación do procedemento sancionador non previsto nesta ordenanza, rexerese pola normativa xeral na materia e, en todo caso, coa audiencia e demais garantías procesuais para a persoa interesada. O órgano competente para a resolución do expediente sancionador será a Alcaldía.

O importe das multas será graduado tendo en conta as circunstancias concorrentes e de acordo co establecido na normativa vixente.

As multas e sancións impostas ao abeiro do disposto na presente ordenanza reduciranse na súa contía nun 50%, no caso de que se abonaran no prazo de 15 días a partir da notificación da multa ou sanción, e se a persoa infractora mostra por escrito a súa conformidade con estas, e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no citado prazo.

O pagamento das multas poderase esixir pola vía administrativa de constringimento, sen prexuízo da esixencia, se fora o caso, das correspondentes responsabilidades civís e penais.

As sancións serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de danos e perdas a que houber lugar.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

A presente ordenanza será de aplicación aos usos especiais comezados a partir da súa entrada en vigor.

No suposto de actividades mineiras será de aplicación ao primeiro plan de labores anuais aprobado con posterioridade á entrada en vigor.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Primeira.- A Alcaldía queda facultada para ditar cantas ordes ou instrucións resulten necesarias para a adecuada interpretación, desenvolvemento e aplicación desta ordenanza.

Segunda.- A presente ordenanza entrará en vigor unha vez se proceda a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e transcorra o prazo de 15 días hábiles previsto no art. 65.2 da lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

A presenta Ordenanza derroga expresamente a Ordenanza reguladora do uso e aproveitamento especial de vías públicas e espazos de titularidade municipal, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 240, do 19 de outubro do 2013.

A Pontenova, 22 de decembro de 2020.- O Alcalde, Darío Campos Conde.

R.3339

QUIROGA*Anuncio*

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 18 de decembro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.-A aprobación do Padrón de Auga, Sumidoiro, Lixo e Ecotaxa correspondente o 4º trimestre do exercicio 2020.

SEGUNDO.-A exposición Publica polo prazo de 15 días a efectos de exame e reclamación, mediante a inserción do edicto no BOP e mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello conforme o establecido na Lei Xeral Tributaria e a Ordenanza Fiscal Reguladora.

TERCEIRO.-Poñer o cobro no termino do artigo 62.2 da Lei 58/2003, en período voluntario, se a notificación da liquidación realizase entre os días 1 e 15 de cada mes dende a data da recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior, se este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte; si a notificación da liquidación realizase entre os días 16 e o último de cada mes dende a data da recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior, se este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte. A partir da devandita data pasarase a recadación executiva co seguinte recargo de apremo e demais costas derivados da execución forzosa.

CUARTO.-A falta do pago no período voluntario indicado supoñerá a existencia do canon da auga directamente o contribuínte pola vía executiva da Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia.

QUINTO.-A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativo ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de 1 mes dende que se entenda producida a notificación.

Quiroga, 21 de decembro de 2020.- O Alcalde, Julio Álvarez Núñez.

R. 3340

TABOADA*Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO 2021**

Despois de quedar definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o orzamento para o exercicio económico de 2021, por acordo adoptado en sesión celebrada o día 25 de novembro de 2020, ao non presentarse reclamacións en prazo, en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público que dito orzamento ascende, tanto en gastos como en ingresos, á contía de **2.413.166,77 €**, correspondendo a cada capítulo as cantidades que se expresan a continuación:

ESTADO DE GASTOS		ESTADO DE INGRESOS	
Cap. 1.- Gastos de persoal	1.191.737,42	Cap. 1.- Impostos indirectos	731.064,20
Cap.2.-Gastos en bens correntes e de servizos	807.117,14	Cap.2.- Impostos indirectos	96.123,80

Cap. 3.- Gastos financeiros	4.000,00	Cap. 3.- Taxas e outros ingresos	293.968,60
Cap. 4.- Transferencias correntes	74.256,68	Cap. 4.- Transferencias correntes.	1.150.462,64
		Cap. 5.- Ingresos Patrimoniais	7.992,00
Cap. 6.- Investimentos reais	336.055,53	Cap. 6.- Alleamento de investimentos reais	0,00
Cap. 7.-Transferencias de capital	0,00	Cap. 7.-Transferencias de capital	133.555,53
Cap. 8.- Activos financeiros	0,00	Cap. 8.- Activos financeiros	0,00
Cap. 9.- Pasivos financeiros	0,00	Cap. 9.- Pasivos financeiros	0,00
TOTAL GASTOS	2.413.166,77	TOTAL INGRESOS	2.413.166,77

Na referida sesión tamén se acordou aprobalo cadro de persoal, que, de acordo co que se preceptúa no artigo 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, reproducéase a continuación:

A) FUNCIONARIOS

Praza	Dot.Prazas	Grupo	Escala	Subescala	Situación
Secretario/a Interventor/a	1	A1	Habilitación nacional	Secretaría Intervención	Cuberta en propiedade
Traballador/a social	1	A2	Administración especial	Técnica	Cuberta
Administrativo/a	1	C1	Administración xeral	Administrativa	Cuberta
Administrativo/a	1	C1	Administración xeral	Administrativa	Cuberta
Auxiliar administrativo/a	2	C2	Administración xeral	Auxiliar	2 Cubertas
Encargado/a actividades Soc.- culturais	1	C2	Administración especial	Auxiliar	Cuberta

B) PERSOAL LABORAL FIXO

Praza	Dot. de prazas	Situación
Técnico local de emprego	1	Cuberta
Operario servizos múltiples	1	Cuberta
Conductor brigada servizos múltiples	1	Cuberta
Conserxe	2	Cubertas2
Encargado servizo recollida lixo	1	Cuberta

Encargado servizo limpeza	1	Cuberta
Capataz brigada	1	Cuberta
Peón operario brigada	1	Cuberta
Limpador * nova creación	2	Cubertas
Monitor deportes /técnico deportivo *nova creación	1	Cuberta

C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Praza	Dot. de prazas	Situación
Auxiliar axuda no fogar	25	Cubertas 25
Limpador/a (1 indefinido por sentenza xudicial)	1	Cuberta
Educador familiar (indefinido por sentencia xudicial)	1	Cuberta
Traballador Social de apoio	1	Cuberta
Peón de obras	3	Vacantes

Taboada, 22 de decembro de 2020.- O Alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 3341

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL N.º 2 LUGO

Anuncio

D^a MARIA DE LOS ANGELES LOPEZ CARBALLO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 002 de LUGO, **HAGO SABER:**

Que en el procedimiento EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 107/2020 de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de D. FRANCISCO LOPEZ MUNGUIA contra ARMANDO FERNÁNDEZ PÉREZ sobre DESPIDO, se ha dictado Auto de fecha 17/12/2020 cuya parte dispositiva dice literalmente:

“**Dispongo:** declarar extinguida la relación laboral que unía a **D. FRANCISCO LÓPEZ MUNGUIA** con la empresa **ARMANDO FERNÁNDEZ PÉREZ**, y condenar a ésta a que abone al trabajador la cantidad de **1.356,30 euros** en concepto de indemnización por la extinción de la relación laboral, más la de **11.573,76 euros** en concepto de salarios dejados de percibir desde la fecha de despido hasta la de esta resolución, a razón de 32,88 euros diarios. Asimismo se imponen las costas del presente incidente a la empresa **ARMANDO FERNÁNDEZ PÉREZ**.”

Notifíquese a las partes.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Mediante recurso de reposición a interponer ante este órgano judicial, en el plazo de los **TRES DÍAS** hábiles siguientes a su notificación con expresión de la infracción cometida en la resolución a juicio del recurrente, sin que la interposición del recurso tenga efectos suspensivos con respecto a la resolución recurrida. Si el recurrente no tuviere la condición de trabajador o beneficiario del régimen público de seguridad social deberá consignar la cantidad de 25 euros, en concepto de depósito para recurrir, en la Cuenta de Consignaciones de este XDO. DO SOCIAL N. 2 abierta en BANCO SANTANDER, LUGO, cuenta nº 2323, debiendo indicar en el campo concepto "Recurso" seguida del código "30 Social-Reposición". Si el ingreso se hace mediante transferencia bancaria deberá incluir tras la cuenta referida, separados por un espacio, el "código 30 Social-Reposición". Si efectuare diversos pagos en la misma cuenta deberá especificar un ingreso por cada concepto, incluso si obedecen a otros recursos de la misma o distinta clase indicando en el campo de observaciones la fecha de la resolución recurrida utilizando el formato dd/mm/aaaa. Quedan exentos de su abono en todo caso, el Ministerio Fiscal, el Estado, las Comunidades Autónomas, las Entidades Locales y los Organismos Autónomos dependientes de ellos.

Así lo acuerda y firma SSª. Doy fe.

LA MAGISTRADA-JUEZ LA LETRADA DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA”

Y para que sirva de NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA a ARMANDO FERNÁNDEZ PÉREZ, en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

LUGO, veintiuno de diciembre de dos mil veinte.- **LA LETRADA DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 3342

XULGADO DO SOCIAL N.º 3 LUGO

Anuncio

Dª MARIA DE LOS ANGELES LOPEZ CARBALLO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 003 de LUGO, **HAGO SABER:**

Que en el procedimiento EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 0000137/2020 de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de DON ANTONIO SEOANE GARCIA, contra la empresa “ITECSA BIERZO, S. L.”, sobre ORDINARIO, se ha dictado auto y decreto, en fecha 21.12.20, cuya parte dispositiva es del tenor literal siguiente:

“**Dispongo:** Despachar orden general de ejecución sentencia a favor de la parte ejecutante, ANTONIO SEOANE GARCIA, frente a la empresa “ITECSA BIERZO, S. L.”, parte ejecutada, por importe de 1.483,83 euros, más los intereses del 10%, en concepto de principal, más otros 296,77 euros que se fijan provisionalmente en concepto de intereses que, en su caso, puedan devengarse durante la ejecución y las costas de ésta, sin perjuicio de su posterior liquidación.- El presente auto, junto con el decreto que dictará el/la Letrado de la Administración de Justicia, y copia de la demanda ejecutiva, serán notificados simultáneamente a la parte ejecutada, tal y como dispone el artículo 553 de la LEC, quedando la ejecutada apercibida a los efectos mencionados en los razonamientos jurídicos tercero y cuarto de esta resolución, y conforme disponen los artículos 251.2 y 239.3 de la LJS.- Contra este auto **podrá interponerse recurso de reposición**, a interponer ante este órgano judicial, en el plazo de los **TRES DÍAS** hábiles siguientes a su notificación, en el que **además** de alegar las posibles infracciones en que hubiera de incurrir la resolución y el cumplimiento o incumplimiento de los presupuestos y requisitos procesales exigidos, **podrá deducirse la oposición a la ejecución despachada**, aduciendo pago o cumplimiento documentalmente justificado, prescripción de la acción ejecutiva u otros hechos impeditivos, extintivos o excluyentes de la responsabilidad que se pretenda ejecutar, siempre que hubieren acaecido con posterioridad a su constitución del título, no siendo la compensación e deudas admisible como causa de oposición a la ejecución.- Si el recurrente no tuviere la condición de trabajador o beneficiario del régimen público de seguridad social deberá consignar la cantidad de 25 euros, en concepto de depósito para recurrir, en la Cuenta de Consignaciones de este XDO. DO SOCIAL N. 3 abierta en BANCO SANTANDER, cuenta nº 2324 debiendo indicar en el campo concepto, "Recurso" seguida del código "30 Social-Reposición". Si el ingreso se hace mediante transferencia bancaria deberá incluir tras la cuenta referida, separados por un espacio, el "código 30 Social- Reposición". Si efectuare diversos pagos en la misma cuenta deberá especificar un ingreso por cada concepto, incluso si obedecen a otros recursos de la misma o distinta clase indicando en el campo de observaciones la fecha de la resolución recurrida utilizando el formato dd/mm/aaaa. Quedan exentos de su abono en todo caso, el Ministerio Fiscal, el Estado, las Comunidades Autónomas, las Entidades locales y los Organismos Autónomos dependientes de ellos.- Así lo acuerda y firma SSª. Doy fe.- **LA MAGISTRADA-JUEZ.- LA LETRADA DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA”**

“**Acuerdo** en cumplimiento del requisito que se contiene en el artículo 276.3 y previo a la estimación en la presente ejecutoria de la pervivencia de la declaración de insolvencia de la parte ejecutada “ITECSA BIERZO, S. L.”, acuerdo:- Dar **audiencia previa** a la parte actora DON ANTONIO SEOANE GARCIA y al FONDO DE GARANTÍA SALARIAL, por término de quince días **para que puedan señalar la existencia de nuevos bienes**, y de su resultado de acordará lo procedente.- Notifíquese a las partes, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, **surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas** hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo **carga procesal de las partes** y de sus representantes **mantenerlos actualizados**. Asimismo, deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.- **MODO DE IMPUGNACIÓN:** Mediante recurso de reposición ante el/la Letrado de la Administración de Justicia que dicta esta resolución interponer en el plazo de **TRES DÍAS** hábiles siguientes a su notificación con expresión de la infracción que a juicio del recurrente contiene la misma, sin que la interposición tenga efectos suspensivos respecto a la resolución recurrida.- **LA LETRADA DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA,”**

Y para que sirva de NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA a "ITECSA BIERZO, S. L.", en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

LUGO, veintiuno de diciembre de dos mil veinte.- **LA LETRADA DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA,**

R. 3343

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

Expediente: A/27/24407

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 01 de septiembre de 2020 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Jesús Fariñas Rego y María Carmen Fariñas Corral, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,016 l/s de agua procedente del manantial Fonte de Donas, en el lugar de A Devesa, parroquia de Anafreita (San Pedro), T.M. de Friol (Lugo) para uso ganadero (abrevaderos).

Lugo, 21 de diciembre de 2020.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 3344

CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

Anuncio

Aprobado definitivamente o Orzamento do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento para o exercicio 2021 xunto coa plantilla de persoal e relación-catálogo de postos de traballo en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo e demais disposicións concordantes, fanse públicos os seguintes extremos: resumo por capítulos do orzamento para 2021 (I), o cadro de persoal (II) e o réxime de aplicación e recursos (III):

ORZAMENTO 2021

INGRESOS		GASTOS	
CAPÍTULO	IMPORTE EUROS	CAPÍTULO	IMPORTE EUROS
I IMPOSTOS DIRECTOS	0,00	I GASTOS DE PERSOAL	4.553.888,50
II IMPOSTOS INDIRECTOS	0,00	II GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	794.263,00
III TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	939.205,00	III GASTOS FINANCEIROS	100,00
IV TRANSFERENCIAS CORRENTES	4.543.712,36	IV TRANSFERENCIAS CORRENTES	0,00
V INGRESOS PATRIMONIAIS	100,00	V FONDO DE CONTINXENCIA	40.985,86
VI ENAXENACIÓN DE INVESTIMENTOS REAIS	0,00	VI INVESTIMENTOS REAIS	93.780,00
VII TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	VII TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
VIII ACTIVOS FINANCEIROS	0,00	VIII ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
IX PASIVOS FINANCEIROS	0,00	IX PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL ESTADO DE INGRESOS	5.483.017,36	TOTAL ESTADO DE GASTOS	5.483.017,36

CADRO DE PERSOAL E RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

No citado acordo plenario, aprobáronse todos os documentos e anexos que comprenden o dito Orzamento, entre os que se inclúe o Anexo do Persoal, este último comprende tamén o cadro de persoal e relación de postos de

traballo, polo que de conformidade co art. 127 do Texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril e disposicións concordantes, reproducése a continuación de acordo co que se indica:

1. Funcionarios de carreira

DENOMINACIÓN	DOTACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	NIVEL
			CATEGORÍA	
Secretaría- Intervención (*)	1	Habilitación estatal	Secretaría- Intervención	26
			Terceira	
Técnico de xestión económica	1	Acumula DPL		
Técnico de xestión administrativa	1	Acumula DPL		
Técnico de Administración Xeral	1	Xeral		21
Administrativos	2	Xeral		14

2. Persoal laboral fixo

DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	GRUPO	SITUACIÓN	FORMA DE PROVISIÓN
Xerente	1	1	O	Nomeamento
Coordinador de parques	1	2	V	
Xefe de parque	6		O	Subrogado
Xefe de Quenda	36		O	Subrogado
Bombeiro	75		O	Subrogado

ENTRADA EN VIGOR DO ORZAMENTO E RÉXIME DE RECURSOS:

O Orzamento de 2021 desta Entidade, entrará en vigor, para a súa aplicación, unha vez producida a presente publicación consonte prevé a estes efectos o art. 169.5 do citado Texto Refundido da lei reguladora das Facendas Locais.

Contra a aprobación definitiva do dito Orzamento poderá interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal e na forma e prazos que establece a estes efectos a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen que dita interposición implique, por si mesma, a suspensión do orzamento definitivamente aprobado ou a súa inexecución, así mesmo, poderán interpoñerse cantos outros recursos ou accións procedan en Dereito.

Lugo, 21 de decembro de 2020.- O SECRETARIO-INTERVENTOR DO CONSORCIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3345